

INFORME MENSUAL DE ACTIVIDADES FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE) Decembro - Xaneiro 2015

2/12 (Bruxelas) – Participación nun seminario de formación sobre política rexional. A Fundación Galicia Europa (FGE) participou nun seminario de formación sobre políticas europeas para membros do Parlamento da rexión de Sicilia organizado pola oficina desta rexión na capital comunitaria. A FGE presentou o exemplo de boa xestión dos fondos estruturais por parte de Galicia, facendo especial referencia ao impacto na rexión dos fondos 2007-2013 así como os retos para Galicia na xestión dos fondos estruturais no novo período 2014-2020.

2/12 (Bruxelas) - Reunión co presidente da rexión de Malopolska. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE e director da Fundación Galicia Europa, Jesús Gamallo e a directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, mantiveron un encontro co presidente da rexión polaca de Malopolska, Marek Sowa e cos responsables da súa oficina de Bruxelas. Na reunión definiuse un marco de colaboración en temas de interese para ambas rexións como o turismo relixioso (camiño de Santiago e camiño de Xoán Pablo II en Malopolska), as enerxías renovables ou a industria do automóbil.

03/12/14 (Santiago) Xornada "Financiamento da Unión Europea para as empresas 2015-2020". O subdirector xeral de

Relacións Exteriores e coa UE, Santiago Álvarez, interveu en representación da Fundación Galicia Europa nun dos bloques desta xornada "Financiamento da Unión Europea para as empresas 2015-2020", organizada pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) como parte da *Enterprise Europe Network*. No seminario, a rede europea informou sobre as principais novidades dos fondos do novo período orzamentario europeo dirixidos ás pemes, facéndose especial fincapé nos Fondos Estruturais e de Investimento e a súa incidencia en Galicia.

4/12 (Bruxelas) Participación no 109º pleno do Comité das Rexións. O director da FGE, Jesús Gamallo, participou no 109º pleno do Comité das Rexións (CdR), no que se demandou que o Plan Juncker sexa coherente coas prioridades de investimento das rexións para a política de cohesión 2014-2020. A asemblea de rexións e cidades expresou a súa vontade de colaborar na posta en marcha do Plan de Investimento proposto polo presidente da Comisión Europea.

4/12 (Bruxelas) – Visita da teniente alcalde da Coruña en representación da Conferencia de Cidades do Arco Atlántico (CCAA). A FGE asistiu á concelleira coruñesa M^a Luisa Cid na súa visita á capital comunitaria como

representante da CCAA, rede de cooperación urbana cuxa presidencia ostenta Coruña dende 2013. Acompañada da coordinadora da rede, Cid mantivo diversos encontros na Comisión Europea, ademais de coa propia FGE para estudar as posibilidades de colaboración entre ambas entidades e buscar asesoramento sobre como acadar máis impulso político. A CCAA representa a máis de 100 entidades locais e 7 millóns de habitantes da costa atlántica europea para promover o papel das cidades en Europa e poñer de relieve a especificidade do Arco Atlántico.

9/12 (Santiago) - Reunión anual do patroado da FGE. O vicepresidente da Xunta e da FGE, Alfonso Rueda, fixo balance do labor da FGE en 2014 que estivo centrado na formación de entidades locais e pemes en materia de financiamento comunitario. De cara ao novo período e co cambio de ciclo nas institucións da UE, a FGE tratará de exercer como ponte entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e a nova Comisión Europea, asegurando un contacto regular e apoiando aos sectores prioritarios para Galicia como a agricultura e a pesca, o automóbil, o naval ou a madeira. Así mesmo, propiciáranse encontros das autoridades galegas cos membros da recentemente designada Comisión Juncker para abordar cuestións de especial interese para a comunidade.

13/12/14 (Cangas) Xornada de emprendemento e autoemprego. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia organizou este evento no marco do proxecto EMPRENDE, no que colabora coa Fundación Galicia Europa, xunto a outras entidades galegas e portuguesas e que está

financiado polo Programa da Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP). A xornada celebrouse co obxectivo de fomentar a adquisición de habilidades, competencias e aptitudes que favorezan o desenvolvemento da xuventude galega, de maneira que se incrementen as súas oportunidades de emprego e/ou autoemprego.

18/12 (Vigo) - Seminario sobre financiamento para pemes co Consorcio Zona Franca de Vigo. A FGE organizou o seminario "O financiamento europeo para pemes: balance e perspectivas de futuro", organizado pola FGE e o Consorcio Zona Franca de Vigo (CZJV). Na sesión presentáronse as diferentes posibilidades de financiamento que se ofrecen co novo período comunitario 2014-2020. No seminario tamén se informou sobre programas que se xestionan dende Bruxelas e que van dirixidos ás empresas máis innovadoras. En liña coa temática do seminario, presentouse a "Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020" elaborada conxuntamente pola FGE e o CZJV.

15/1 (Bruxelas) - Participación na reunión da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) coas oficinas rexionais en Bruxelas. A FGE acudiu a un encontro convocado polos responsables da Plataforma das AECT no Comité das Rexións cos responsables das oficinas rexionais en Bruselas. Na reunión abordáronse os avances feitos pola plataforma e os que se prevén facer durante o novo mandato do Comité das Rexións 2015-2020, propuxéronse melloras para a coordinación entre

as oficinas rexionais e recolléronse suxestións para o traballo da plataforma de cara ao novo mandato do Comité das Rexións. O obxectivo deste encontro foi reforzar a colaboración destas oficinas co CdR e mellorar a transmisión de información entre Bruxelas e os actores locais e rexionais.

15/1 (Bruxelas) - Reunión das oficinas rexionais sobre Axudas de Estado á enerxía e medio ambiente. A FGE participou nun encontro das oficinas das Comunidades Autónomas españolas en Bruxelas cun representante da Comisión Europea responsable de Axudas de Estado á enerxía e medio ambiente. Na reunión presentáronse as novas directrices para axudas de Estado á enerxía e medio ambiente da Comisión Europea e o novo regulamento xeral de exención por categorías. Ambos marcos regulan todas as axudas que os poderes públicos, nacionais, rexionais ou locais teñan previsto conceder para, por exemplo, fomentar o uso da eficiencia enerxética e as enerxías renovables.

15/1 (Bruxelas) - Reunión de directores de oficinas das CCAA en Bruxelas (CORE) A FGE participou neste encontro entre as oficinas de representación autonómica españolas en Bruxelas no que se traspasou a coordinación das mesmas da oficina de A Ríoxa á de Navarra, avalíouse o traballo feito no último semestre de 2014, aprobouse o plan de traballo para o primeiro semestre de 2015, analizouse a participación das CCAA no Consello de Ministros da UE e

organizouse o funcionamento dos grupos de coordinación técnicos de CORE.

15/1 (Bruxelas) Encontro co comisario español, Miguel Arias Cañete. A FGE participou na primeira reunión dos directores das oficinas de representación autonómica en Bruxelas co novo comisario español, Miguel Arias Cañete. Como responsable da carteira de Unión Enerxética e Cambio Climático, o comisario expuxo as prioridades da Comisión Europea no eido enerxético, un dos eixos principais do programa de traballo de 2015. Ademais, explicou de primeira man o novo rumbo que toma a Comisión Europea baixo o mandato do novo presidente, Jean Claude Juncker.

16/1 (Bruxelas) Reunión co conselleiro de Consumo da REPER. De cara a participación de Galicia no Consello de Consumo durante o primeiro semestre de 2015, en representación de todas as CCAA, a Fundación Galicia Europa mantivo un encontro co conselleiro do ramo da Representación Permanente de España ante a UE, e máis a conselleira encargada das relacións coas CCAA e a representante da comunidade autónoma que ostentou a representación no segundo semestre de 2014, Cataluña. Durante a reunión, repasáronse os principais expedientes en curso en materia de consumidores no Consello co fin de informar ao Instituto Galego de Consumo, cuxa xerente se ocupará de asegurar a participación autonómica nos grupos de traballo do Consello.

19/1 (Bruxelas e Santiago) Incorporación dos novos bolseiros da FGE. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE,



Jesús Gamallo, mantivo unha xuntanza cos beneficiarios das bolsas de formación en asuntos europeos para o ano 2015. A FGE concedeu seis bolsas de formación cunha duración dun ano con destino nas oficinas de Bruxelas e Santiago de Compostela. Catro das bolsas de formación céntranse no seguimento das políticas comunitarias que máis afectan a Galicia. A FGE ofrece unha bolsa de comunicación na oficina de Bruxelas e outra bolsa dirixida a técnicos superiores en Secretariado ou en Administración e Finanzas. Máis de 150 titulados superiores e de formación profesional presentáronse este ano á convocatoria de bolsas 2015 da FGE.

20/1 (Bruxelas) - Reunión cos responsables da Secretaría Xeral da Comisión de Pesca (COMPESCA) do Parlamento Europeo A FGE participou nun encontro cos responsables da Secretaría Xeral da COMPESCA do Parlamento Europeo. O obxectivo desta xuntanza foi a colaboración da Xunta na organización dunha visita institucional dunha delegación de membros de COMPESCA do Parlamento europeo a Galicia. A visita, prevista inicialmente para mediados de febreiro, foi finalmente posposta.

22/1 (Bruxelas) Reunión coa directora xeral de Orzamento da Comisión Europea. A FGE participou nunha reunión dos directores das oficinas de representación autonómica en Bruxelas coa máxima responsable da Dirección Xeral de Orzamento da Comisión Europea, a funcionaria de orixe galega Nadia Calviño. Calviño centrouse en explicar os axustes que

presentou en xaneiro a Comisión Europea ao Consello e ao Parlamento Europeo para traspasar 21.000 M€ non utilizados en 2014 para os anos 15-17. Este traspaso é debido ao retraso na adopción do Marco Financeiro Plurianual 14-20 que implicou, á súa vez, un retraso na posta en marcha de novos programas dentro da política rexional, a política agrícola común e a política de inmigración e asilo. Calviño explicou que algo similar pasara nos dous períodos precedentes.

22/1 LXXI Reunión da Organización Común de Mercados Agrícolas (OCM). A FGE, no nome da Consellería de Medio Rural e do Mar, asistiu á reunión da OCM sobre o sector de produtos gandeiros celebrada na Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europea. Os temas tratados foron a situación de mercado dos produtos lácteos, porcinos, ovinos, avícolas e bovinos, así como unha proposta de Regulamento sobre as axudas no sector apícola.

29/1 (Bruxelas) - Reunión para a elaboración dunha proposta de proxecto para a convocatoria "Sector Skills Alliance". A petición da Plataforma de Innovación Sanitaria da Consellería de Sanidade, a FGE asistiu a esta reunión na que varios socios de toda Europa traballan para elaborar unha proposta de proxecto á convocatoria "Alianza de Competencias Sectoriais", de Erasmus+. Neste proxecto, capitaneado pola rexión Sur de Dinamarca, a Consellería de Cultura, o SERGAS e a Universidade de Deusto colaborarán para conseguir a implantación no currículo dos estudos oficiais do sector sanitario dunha serie de

módulos optativos focalizados na promoción da vida independente do paciente.

30/1 (Bruxelas) Reunión extraordinaria do Grupo PPE do CdR. O Grupo PPE do CdR, no que participan os representantes galegos, reuniuse en Bruxelas para designar ao novo candidato á presidencia do CdR e para votar ao presidente do Grupo de cara á nova legislatura. Por aclamación popular, Michael Schneider saíu reelixido como Presidente do Grupo PPE para este novo mandato. Para presidir o CdR o elixido foi o membro finlandés Markku Markkula.

Outras actividades

- **Colaboración coa revista ECO** para a publicación do artigo "2015: Ano Europeo do Desenvolvemento".
- Actualización diaria e xestión das redes sociais da Fundación (Facebook e Twitter), con información corporativa da FGE, novas e oportunidades de traballo e prácticas para mozos na UE.
- Actualización diaria do apartado de financiamento comunitario no portal web: publicación de **9 convocatorias e 2 procuras de socios** para a presentación de propostas de proxectos europeos.
- Redacción e publicación de **33 noticias** sobre as actividades da Fundación e sobre a Unión Europea no portal web da FGE.
- Asesoramento a catro entidades sobre financiamento comunitario, entre as que se atopa a empresa de servizos TIC Plexus e o Colexio de Avogados da Provincia da

Coruña, e unha consulta sobre Traballo, prácticas e formación na UE.

- Resolución de **4 consultas** sobre:
 - As posibles fontes de financiamento para servizos de mediación, realizada por unha membro do Colexio de Avogados de A Coruña.
 - Empresas de acollida de alumnos en prácticas do Ciclo Superior de FP de Construcións Metálicas no marco do programa Erasmus+, formulada polo IES de Valga.
 - A iniciativa piloto *Fast Track to Innovation*, incluída no programa Horizonte 2020.
 - As liñas de financiamento para a I+D+i e a enerxía no ámbito da universidade.
- Asistencia a diferentes **reunións, seminarios e conferencias en Bruxelas** sobre o desenvolvemento de políticas europeas que afectan a Galicia:
 - 1/12 Día Europeo do Turismo: desafíos clave para o futuro do turismo europeo. Comisión Europea.
 - 01/12 3ª Conferencia do Partenariado Europeo de Envellecemento Activo e Saudable. Comisión Europea.
 - 03/12 Conferencia de alto nivel sobre o paquete Clima e Enerxía 2030 para a UE. Comisión Europea.
 - 03/12 Asociación Transatlántica para o Comercio e o Investimento

- (TTIP). Centro de Estudos de Política Europea (CEPS).
- 09/12 As plataformas e redes do CdR ante o seu futuro. CdR.
 - 10/12 Universidade de inverno do grupo PPE do Comité das Rexións. CdR
 - 16/12 Reunión co conselleiro de Política Comercial da REPER. Oficina da Comunidad Valenciana en Valencia
 - 16/1 Reunión na Representación Permanente de España en Bruxelas (REPER) sobre Emprego e Asuntos Sociais.
 - 22/1 Presentación dos resultados da campaña "Europa traballa para ti". Parlamento Europeo.
 - 23/1 Reunión na Representación Permanente de España ante a UE cos conselleiros de Educación, Cultura, Deporte e Xuventude (Bruxelas).
 - 28/1 Seminario sobre liberdade de prensa e medios de comunicación "Je suis Charlie". Parlamento Europeo.
 - 28/1 Presentación da oficina en Bruxelas do Instituto español para a Producción Sostible.
 - 29/1 Seminario "Garantía Xuvenil: da implementación rexional á local". Delegación do País Vasco para a Unión Europea.
 - 30/1 Reunión na Representación Permanente de España ante a UE co conselleiro de saúde (Bruxelas).

Máis información en <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>